

PROPOSTA DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O PAS FUNCIONARIO E LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2016.

A lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, establece que no exercicio 2016 unha serie de sectores e administracións, recollidos no artigo 20 da lei citada, poderán aplicar, para a incorporación de novo persoal, unha taxa de reposición do 100%. Na aplicación deste 100% inclúese o persoal de administración e servizos das universidades, sempre que o goberno autonómico, a Xunta de Galicia, autorice as correspondentes convocatorias.

A nivel galego nos artigos 13 e 36 da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, establécese unha taxa de reposición nas universidades integrantes do Sistema Universitario Galego dun máximo do 100%, incluíndo as prazas de persoal de administración e servizos, e respectando as disponibilidades orzamentarias do capítulo I, condición esta imprescindible para acadar o correspondente informe de autorización.

Durante o ano 2016 producíronse un total de seis baixas no persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, podendo, polo tanto, si se cumpren os outros condicionantes, equilibrio orzamentario, autorización previa da Xunta de Galicia, poder convocar a institución ata seis prazas de persoal de administración e servizos.

As relacións de postos de traballo recentemente aprobadas polo Consello de Goberno, o pasado 10 de outubro, son o marco no que se debe desenvolver a política de consolidación de postos de traballo hoxe vacantes ou ocupados por interinidades.

A proposta da Xerencia da Universidade de Vigo sobre a Oferta de Emprego Público para o persoal de administración e servizos, que necesariamente ten que someterse ás normas superiores, leis de orzamentos, consiste en convocar mediante acceso libre os seguintes postos:

- 2 prazas de Técnico/a Superior de Orientación e Promoción do Emprego e o Emprendemento, PAS laboral, grupo I
- 1 praza de Técnico/a Superior de Teledocencia, PAS laboral, grupo I.
- 2 prazas de Técnico/a Superior de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, PAS laboral grupo I.

A razón que motiva esta proposta é dobre:

-priorízase cubrir de forma regulamentaria prazas que foron creadas por sentenza xudicial e que polo tanto está pendente que as mesmas sexan ocupadas de forma definitiva mediante procedementos que cumpran os requisitos de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

-priorízase convocar prazas creadas en ámbitos estratéxicos de carácter transversal para a institución.

No ámbito funcional proponse a convocatoria da praza de letrado/a, grupo A1, existente no cadro de persoal e que quedará vacante ao ter gañado o concurso de cobertura da praza de Xefa do Servizo da Asesoría Xurídica da UVigo a titular. A priorización desta praza susténtase en que o posto de letrado é un posto altamente especializado e no que é convinte a cobertura estable dos postos.

A Oferta de Emprego Público da Universidade de Vigo completárase coa promoción interna seguinte:

No caso do persoal funcionario, tal e como se fixo constar na Memoria Explicativa da RPT do PAS Funcionario no seu momento a Xerencia comprometeuse a:

“Convocar os procesos de promoción interna, no marco económico do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2016-2020, sen menoscabo da estabilidade financeira da UVigo, do subgrupo C2 a C1 e do subgrupo C1 a A2, establecendo tres ciclos entre 2017 e 2020, mediante o que poderían promocionar un mínimo de 42 persoas no primeiro caso e 24 no segundo.”

Deste xeito incorporáranse á Oferta de Emprego Público para o ano 2016:

- 14 prazas de promoción interna de C2 a C1.
- 8 prazas de promoción interna de C1 a A2.

Por unha banda tentase conxugar o necesario cumprimento do equilibrio orzamentario e atender ás necesidades de persoal que determina a nova RPT.

No caso do PAS Laboral a OEP 2016 incorporará as seguintes prazas de promoción interna:

- 4 prazas de Técnico/a Especialista de Servizos Xerais, dado que é unha categoría na que se produciron nos últimos seis anos baixas que están sendo cubertas con persoal en funcións de categoría superior, fundamentalmente ATSX, e que convén estabilizar.
- 1 praza de Técnico/a Superior de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións. Con esta praza quedaría completado o cadro de persoal do grupo I da Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións.

Xerencia da Universidade de Vigo

19 de outubro de 2016